

ESTIMADAS FAMILIAS:

O Colexio Atlántida comeza o curso 2020–2021 cheo de retos e oportunidades. Serán uns meses nos que a nosa labor docente continuará sendo clave no desenvolvemento e crecemento do alumnado. Sen dúbida, será un curso excepcional, onde nos move a responsabilidade, o compromiso e a ilusión.

Despois das instrucións ditadas pola Consellería de Educación o pasado 31 de agosto, comunicámosvos algúns aspectos xerais que iremos detallando en cada grupo.

REUNIÓNS INICIO DE CURSO

Este ano, adiantamos todas as reunións cos/as titores/as responsables dos cursos para explicar os Protocolos específicos fronte ao COVID-19 coas medidas organizativas, colectivas e individuais que adoptaremos toda a comunidade educativa. A hora e o lugar onde terán lugar as reunións serán notificados polos/as titores/as.

- 7 de setembro – Infantil
- 8 de setembro – 1º, 2º e 3º de Primaria
- 9 de setembro – 4º, 5º y 6º de Primaria
- 10 de setembro – ESO

AULA DE MADRUGADORES

Mantense o seu servizo de 8'30 a 8'45. Entrarían pola porta da rúa Rocío, que se atopa á dereita da principal.

AULA DE MEDIODÍA

Mantense o seu servizo ata as 14'30. O alumnado recollerase pola porta da rúa Rocío, que se atopa á dereita da principal.

COMEDOR

Este ano adelantaremos o horario do comedor para os mais pequenos e poder cumprir coas restricións establecidas no Protocolo. O horario de recollida será o seguinte:

Infantil 1º, 2º Primaria	A partir de 3º Primaria
15'00	15'30
Pola porta da rúa Rocío que se atopa á dereita da principal.	

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Debido á excepcionalidade deste curso e tendo en conta a evolución sanitaria, non se desenvolverán actividades extraescolares para evitar xuntar ao alumnado de diferentes cursos.

DATAS COMENZO CURSO ESCOLAR

As entradas e saídas serán escaladas para evitar que coincidan un número elevado de alumnos/as nun mesmo espazo. Solo se permitirá o acompañamento dunha persoa no caso do alumnado de Infantil, nos demais casos non poderán acceder ao recinto escolar.

- 10 de setembro – 4º, 5º de Infantil, 1º, 2º, 3º de Primaria
- 11 de setembro – 6º Infantil, 4º, 5º, 6º de Primaria
- 16 de setembro – 1º y 2º ESO
- 17 de setembro – 3º ESO
- 18 de setembro – 4º ESO

Un membro do profesorado estará na porta de entrada do centro. O alumnado estará en fila mantendo a distancia de seguridade no patio, acompañado da titora correspondente coa que subirá ao aula.

Cambio no horario:

Infantil	Primaria	ESO
ENTRADA		
9'10 h Poden ir acompañados por unha persoa ata a aula.	1º P – 8'55 h 2º P – 8'50 h 3º P – 8'55 h 4º P – 8'55 h 5º, 6º P – 9'00 h	1º, 2º ESO – 8'50 h 3º, 4º ESO – 8'45 h
Pola porta principal.		
SAÍDA		
Saída 13'30 h Pola porta da rúa Rocío, á dereita da principal	1º, 2º P – 13'45 h Pola porta da rúa Rocío, á dereita da principal	1º, 2º ESO – 14'15 h
	5º, 6º P – 14'00 h Pola porta principal.	3º, 4º ESO – 14'25 h
	3º, 4º P – 14'05 h Pola porta principal.	Pola porta principal

Os irmás poderán acceder á hora de entrada do primeiro deles.

Agradecemos a vosa confianza e colaboración. Estamos seguros de superar con éxito a extraordinaria situación a que nos enfrontamos, co esforzo de todos/as.

Un cordial saúdo,

o equipo directivo e o profesorado.